

DAFO

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>Persoal docente Alta implicación e traballo con medios e contornas dixitais adaptados (AV, EDIXGAL, videoconferencia, recursos e ferramentas dixitais...) e en novas modalidades de ensino.</p> <p>Nivel de competencia xeral no CDD lixeiramente superior á media de Galiza</p>	<p>Persoal docente Colaboración e intercambio de experiencias interdisciplinares e do fomento da creatividade.</p> <p>Avaliación de capacidades e autorreflexión da aprendizaxe. Pode mellorarse en xeral a CDD e o uso de novas modalidades de ensino e de avaliación</p>
<p>Familias Colaboran no coidado de equipamento EDIXGAL</p>	<p>Familias Pode ser necesario mellorar a colaboración e concienciación sobre o uso das TIC como ferramenta de aprendizaxe e no uso seguro das mesmas</p>
<p>Alumnado O uso e coidado de materiais é axeitado e con poucas incidencias.</p> <p>A competencia xeral aceptable.</p> <p>Con acceso a dispositivos e conexión a internet dentro do centro.</p>	<p>Alumnado En ocasións pode facerse un uso pouco seguro ou adecuado de medios e dispositivos dixitais.</p> <p>Concienciación no uso das TIC como ferramentas de aprendizaxe.</p>
<p>Organización de Centro Asistencia técnica e coordinador TIC implicado.</p>	<p>Organización de Centro É necesario mellorar a coordinación co profesorado para afianzar unha estratexia dixital común.</p> <p>Algúns cursos teñen un número elevado de alumnos e sen posibilidade de facer desdobre.</p> <p>Falta de apoio técnico exterior.</p> <p>A análise SELFIE e o DAFO realizado serían moito máis eficaces canto maior sexa a participación de todo o persoal do centro</p>
<p>Infraestructuras En xeral considérase que Equipamentos Instalacións e Conectividade son boas.</p> <p>Equipos Edixgal tanto profesorado como alumnado</p>	<p>Infraestructuras Certo equipamento pode necesitar renovación...</p> <p>Algún profesorado e alumnado pode necesitar pautas para adaptase ao traballo con equipamentos de baixas/medias prestacións.</p>

<p>Conexión a internet estable e rápida. Recursos educativos en liña.</p> <p>Nivel xeral de equipamentos e instalacións satisfactorio</p>	<p>Tamén é mellorable o soporte técnico, a protección de datos e a conectividade.</p>
<p>Oferta O centro conta na actualidade cunha estratexia e plan dixital, emprega as novas modalidades de ensino e ten servizos de transporte, e comedor, que facilitan a integración das TIC</p>	<p>Oferta É necesario mellorar a estratexia dixital, o proceso de avaliación, coordinación e participación no proxecto para consolidar a implantación das TIC.</p> <p>A materia TIC e Tecnoloxía de 4º non poden ser escollidas á vez.</p> <p>Mellorar as prácticas de avaliación</p>
<p>DPC Existen liñas PFPP no centro e contrato-programas</p>	<p>DPC No CDD, o profesorado puntuou se tiña competencia dixital insuficiente cun 33,3%, e o equipo directivo puntuou cun 100%</p> <p>Rotación de profesorado novo no centro.</p>
<p>Persoal non docente O persoal non docente é colaborador</p>	

OPORTUNIDADES	AMENAZAS
<p>Contorna Existen empresas na contorna. Contorna rural.</p>	<p>Contorna Infraestruturas de comunicacións xerais de conectividade baixa/media que poderían profundar na fenda dixital e dificulta o traballo a distancia.</p> <p>Non hai empresas de relevancia no sector das TIC</p>
<p>Outras entidades O concello colabora e participa co centro na realización de actividades, obras, etc,</p> <p>A casa da cultura do concello e aula CEMIT fan actividades de alfabetización dixital e proxectos de interese: Fálame de San</p>	<p>Outras entidades É necesario estudar que outras colaboracións externas poden establecerse</p>

Sadurniño e Chanfaina Lab	
Administración Educativa Os programas ABALAR - EDIXGAL permite mellorar a incorporación das TIC no ensino	Administración Educativa Certa lentitude na reposición de equipamento informático en aulas específicas e despachos e oficinas con equipos obsoletos nalgúns casos. Certa lentitude na solución dalgunhas incidencias TIC. Hai certas trabas burocráticas que atrasan os procesos (por exemplo, dar de alta unha liña telefónica para o uso do profesorado é un proceso moito máis longo do que debería ser)
Lexislación Estase a potenciar a incorporación das TIC e STEM. A nova lei educativa (LOMLOE) propón a agrupación de materias, o cal supón unha oportunidade para traballar por ámbitos de forma coordinada	Lexislación Implica cada vez máis burocracia que quita tempo. Non promove tanto o STEAM
ANPA Motivar ás familias para a creación da ANPA	ANPA Non hai no centro.
Alumnado Con acceso a dispositivos e con conexión de internet fora do centro	Alumnado Existe unha porcentaxe relativamente pequena de alumnado que non dispón de internet na casa ou ten unha conexión deficiente.